



PLAN DE IGUALDADE



CEIP DA BARQUEIRA, CERDIDO
CURSO 2022/2023



PLAN DE IGUALDADE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Un dos principais fins que se persegue na actual lei educativa, *Lei 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei 2/2006 do 3 de maio, de Educación*, de é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”. Asemade, alcanzar os obxectivos de EP e as competencias clave que propón o *Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de primaria para a CCAA de Galicia*, onde tamén se establece que se evitarán comportamentos sexistas, así como aqueles que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade e homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Do mesmo xeito, no Protocolo de Identidade de Xénero (Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero), de abril de 2016, establécese que educar no respecto á diversidade afectivo-sexual é parte inherente á formación integral.

Desde o centro, debemos traballar, non so contidos curriculares, senon tamén deben ser traballadas actitudes, valores e normas de convivencia axeitadas para a vida en sociedade. Nesta liña, a igualdade, tolerancia, solidariedade, resolución pacífica de conflitos, respecto aos demais e as normas de convivencia, etc, con fundamentais para un desenvolvemento íntegro e harmónico do alumnado e para formar futuros cidadáns e cidadás comprometidos co mundo no que se desenvolven.

Este plan, se desenvolve co fin de promover estes valores e de inculcarlos ao alumnado, en estreita colaboración co resto da comunidade educativa.

Asemade, non podemos esquecer que a lexislación actual fai fincapé nestes aspectos en numerosos elementos curriculares, como os temas transversais, as competencias clave ou nos obxectivos, criterios de avaliación e descritores operativos.



Por este motivo, a igualdade cobra un aspecto sumamente relevante, sendo un dos principios e fins do Proxecto Educativo, a coeducación e o intento de ruptura dos roles de xénero.

A sociedade necesita un cambio real neste eido, e isto require de empezar polas aulas, non só a través de actividades puntuais, senón de forma coordinada e significativa para o alumando.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Atendendo tanto a esta demanda lexislativa como a unha demanda social, o CEIP da Barqueira xa ven levando a cabo accións que repercuten positivamente no desenvolvemento da igualdade de xénero:

- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero se se da o caso, presentes xa no plan de convivencia.
- Concreción dos obxectivos coeducativos relacionados con:
 - Fomento da igualdade entre homes e mulleres.
 - Valores de igualdade de trato e non discriminación.
 - Respecto a homes e mulleres.
 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia, con maior énfase na relacionada coa violencia de xénero en calquera ámbito (familiar, escolar, lúdico, etc.) e cos dereitos humanos (liberdade relixiosa, sexual, ect.).
 - Prevenção da violencia de xénero.
 - Evitar comportamentos e contidos sexistas e estereotipados.
 - Traballo para a ruptura de estereotipos de toda clase, principalmente os relacionados co xénero.

Estes elementos están presentes nas programacións anuais e nas actividades que forman parte tanto da programación de aula como do proxecto lector, do proxecto TICs e do proxecto de dinamización e normalización da lingua galega. Asemade, o departamento de Orientación asesorará ao profesorado e proporcionará información sempre que este o precise así como coordinará un programa de habilidades sociais para todos os cursos da etapa de primaria, onde se incide de forma directa neste eido.



- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa (Claustro, Consello Escolar, etc.) para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades inclusivas, dirixidas a todo o alumnado, nas datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Realizando unha análise das situacións que se dan no centro escolar atopamos que, a nivel administrativo e lingüístico nos documentos de centro, non se utiliza o masculino como xenérico, senón que se utilizan ambas formas ou xéneros neutros (como alumnado ou profesorado). Se ben é certo atópanse estereotipos sexistas en materiais escolares como libros de texto ou algunhas fichas, con representacións estereotipadas (en detrimento dos valores, das actividades e das contribucións das mulleres ao progreso da ciencia e da sociedade).

Nesta liña, aínda que o profesorado tamén está concienciado, en ocasións, amósanse actitudes estereotipadas, tales como o uso do masculino xenérico ou a asunción de estereotipos sexistas.

O que si que é evidente, é unha diferenciación clara do alumnado no patio de recreo. Os nenos tenden a ocupar os espazos principais (onde xogar a xogos e deportes de pelota e colectivos), e as nenas acostuman a replegarse a un segundo plano, ocupando espazos laterais e periféricos. Asemade, cando algunha nena se introduce en xogos colectivos, acostuma a ser relegada nestes salvo que haxa intervención docente. Cómpre destacar que isto non sucede en EI, onde as relacións son máis equitativas, sendo moi evidente a partir de terceiro de primaria.

O CEIP da Barqueira pertence a un ámbito rural de interior, onde se reflicte unha situación moi evidente de patriarcado. Sobre as nais e mulleres da localidade recae, case na súa totalidade, o coidado dos fillos e fillas e o traballo dentro da casa, independentemente de



que tamén traballen fóra da mesma. Isto implica que débese pór en valor este traballo, denostado e invisibilizado socialmente e que é fundamental para a mesma. Son as nais quenes maioritariamente acuden ao centro ou participan nas actividades e nas cuestións referidas á educación reglada dos seus fillos e fillas. Do mesmo xeito, obsérvase diferenciación nos xoguetes e vestimenta de nenos e nenas, cumprindo estas cos estereotipos de xénero habituais.

Sendo este un centro de educación primaria, a presenza masculina actualmente entre o persoal é minoritaria, constituindo tan só un 25% do persoal do centro (docente e non docente).

Tendo en conta que o noso centro ten 5 unidades, catro de educación primaria e unha de educación infantil, a Dirección é unipersoal e recae no 100% nunha muller.

No referente ao alumnado, cómpren destacar as seguintes proporcións:

	Mulleres	Homes
4º Educación infantil	100 %	0 %
5º Educación infantil	75 %	25 %
6º Educación infantil	71,4 %	28,5 %
1º Educación Primaria	66,6 %	33,3 %
2º Educación Primaria	30 %	70 %
3º Educación Primaria	25 %	75 %
4º Educación Primaria	0 %	100 %
5º Educación Primaria	85,7 %	14,2 %
6º Educación Primaria	66,6 %	33,3 %

4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Se ben é certo que, na actualidade, na nosa sociedade existe unha igualdade xurídica e lexislativa, continúa a haber elementos sexistas. A normalización de determinadas actitudes e accións que temos integradas como sociedade responden a esterotipos non reais sen que sexamos conscientes. Non debemos confundir unha igualdade xurídica con unha igualdade real. A existencia de situacións como: pirámide de violencia machista, teito



de cristal, micromachismos... provocan que as nenas non se desenvolvan en plena igualdade a través destes mecanismos de control social normalizados. Por elo, é imprescindible a formación e a educación na detección e erradicación dos mesmos, non só para un desenvolvemento harmónico e libre das nenas, senón tamén dos nenos.

Educar con perspectiva de xénero é dar liberdade ao alumnado para detectar formas sutís de violencia e poder traballar na súa eliminación. Este é o camiño de cara á transformación social noutra máis equitativa e igualitaria.

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
- Fomentar e potenciar valores de igualdade entre homes e mulleres.
- Obrar dacordo aos principios de igualdade entre homes e mulleres.
- Potenciar unha análise crítica da construción social.
- Fomentar a detección de estereotipos e actitudes sexistas habituais.
- Sensibilizar ao alumando na gravidade da situación das mulleres na nosa e noutras sociedades.
- Fomentar actitudes para a prevención da violencia machista.
- Potenciar a educación emocional e expresión de sentimentos e respecto polos mesmos.
- Potenciar a análise crítica dos exemplos de achegas históricas de homes e mulleres.
- Indagar e coñecer mulleres que fixeran achegas históricas e científicas importantes, invisibilidades historicamente.

5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Trátase dun centro moi pequeno, onde a representación entre homes e mulleres nos órganos de decisión e representación xa é equitativa con respecto á porcentaxe de mulleres e homes traballando no mesmo, tendo cada un de nós un papel relevante na organización do centro.

O Consello Escolar será o punto de partida para a difusión do Plan de Igualdade entre os distintos membros da comunidade educativa. Neste eido, no Consello Escolar, nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade para participar no impulso do Plan.



Promoverase a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade así como a participación en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación dende o currículo.

Utilizarase unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividades do centro, utilizando ambos sexos para referirse ao alumnado ou neutros sempre que sexa necesario. Asemade, crearanse pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

Proporanse actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar así como outras actividades en colaboración con outras entidades. Igualmente, concretarase o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro:

- 15 de Outubro: “Día das mulleres rurais”.
- 17 de Outubro: “Día das escritoras”.
- 25 de Novembro: “Día contra a violencia contra as mulleres”.
- 30 de Xaneiro: “Día da paz”.
- 11 de Febreiro: “Día das mulleres e as nenas na ciencia”
- 8 de Marzo: “Día da muller traballadora”

Asemade, O CEIP da Barqueira, participa en programas e plans que contribúen ao desenvolvemento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Deste xeito, participa en:

1. Contrato-programa CP- inclue, nas modalidades de iguála-T, inclúe-T, emocióna-T, convive-T.

Os obxectivos deste proxecto son:

- Traballar con lecturas coeducativas un día por semana en cada grupo durante o tempo diario de lectura.
- Traballar a análise crítica de contos clásicos.
- Fomentar as creacións artísticas e literarias do alumnado dende a igualdade de xénero, por medio do emprego da linguaxe inclusiva.
- Empregar nos periodos de lecer do alumando xogos e xoguetes coeducativos, dando a coñecer outras formas de xogar.



- Realizar saídas colaborativas entre o alumnado, fomentando o respecto aos demais e ao medio.
 - Realizar saídas colaborativas entre o alumnado, fomentando o respecto aos demais e ao medio.
 - Realizar saídas coas familias, fomentando a convivencia pacífica e o respecto.
 - Realizar actividades para o coñecemento e o respecto do patrimonio cultural, ecolóxico e social.
 - Traballar a análise crítica de contos clásicos.
 - Realizar obradoiros inclusivos nos que participe todo o alumnado.
 - Realizar saídas colaborativas entre o alumnado, fomentando o respecto aos demais e ao medio.
 - Realización de retos para mellorar a iniciativa e autoestima do alumando (scape room, busca do tesouro, crebacabezas,...).
 - Emprego da música como instrumento de expresión de emocións e sentimentos.
 - Traballo, especialmente na etapa de Infantil, con contos que lles axuden a entender e expresar a súas emocións e sentimentos.
 - Realización de obradoiros diversos (fabricación de instrumentos musicais, obradoiros de lectura de audiolibros,...).
 - Realización dun clube de lectura coas familias onde se potencie a expresión de emocións e sentimentos.
2. Contrato-programa CP-innova, cuios obxectivos son:
- Aumentar as calificacións do alumnado nas áreas instrumentais básicas con respecto a anos anteriores.
 - Mellorar o seu nivel de aprendizaxe competencial e de aplicación dos saberes adquiridos na súa vida diaria.
 - Aumentar e fomentar a motivación de cara á aprendizaxe.
3. Participación en Biblioteca creativa, Radio na biblio e club de lectura (tanto para alumnado como para familias).

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

As programacións didácticas e a práctica docente revisarase desde unha perspectiva de xénero que inclúe de forma explícita as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os



saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade de forma real, onde ás mulleres se lles asigne o papel relevante que tiveron no seu momento.

Igualmente o material didáctico empregado na aula, como imaxes, ilustracións e actividades revisaranse para atender á igualdade e ao respecto por todos os colectivos presentes na sociedade e para que sexan representativos con todos e todas.

As actividades de aula serán sensibilizadoras e inclusivas, tratando de que o alumnado desenvolva respecto e empatía polos seus semellantes.

Estas actividades de información e sensibilización levaranse ata as familias, como elemento fundamental na educación en valores.

Ademáis dos proxectos nos que participa o centro, intentarase que a linguaxe sexa axeitada. A linguaxe é unha forma de exclusión social que reforza as situacións discriminatorias, o que non se nomea non existe. Do mesmo xeito, a linguaxe pode ser un instrumento de transformación social a través do cal identificar e reverter factores discriminatorios.

En referencia á linguaxe, é importante comprender o significado dalgúns termos, tales como sexo (condición orgánica que distingue machos de femias) e xénero (construcción social que asocia uns determinados estereotipos en función do sexo).

Neste eido, traballarase nas aulas atendendo as seguintes actuacións:

1. Incorporar nas aulas actividades e medidas para o uso dunha linguaxe non sexista.
2. Promover actividades e textos que utilicen una linguaxe non sexista.
3. Uso administrativo dunha linguaxe non sexista.

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

O centro difundirá información sobre das actividades a realizar en colaboración coas familias e a comunidade educativa, a través do taboleiros oficiais do centro e a páxina web. Os contados empregados serán actuais e revisados para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Promoveranse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar. Igualmente revisaranse a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.



As entidades colaboradoras co centro serán obxecto de análise en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.

Xestionaranse as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión sen deixar lugar a ningunha discriminación sexista nas actividades de lecer, instando a ambos sexos a utilizar e xogar con aquilo que socialmente se asigna ao sexo contrario (cómpre destacar que as nenas adoitan relegarse a espazos reducidos e ocupar lugares pequenos, en contra do que fan os seus compañeiros masculinos).

A cooperación nos espazos tecnolóxicos axudará na prevención da discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual, sobre todo cara a unha orientación vocacional en relación coa ocupación das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico. Así mesmo provoveranse a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

Promoveranse:

- O respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- O respecto cara á diversidade sexual.
- Metodoloxías activas, participativas, inclusivas e cooperativas.
- Actividades de coidado entre persoas.
- Corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Actividades de intervención social na comunidade educativa.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación do plan estará baseada nos obxectivos propostos e en determinar se as actividades provistas foron válidas para acadar eses obxectivos. Deste modo, aplicaránse modificacións ou melloras en caso necesario.

Estableceránse tres momentos de avaliación:



-Avaliación inicial: onde se analiza o punto de partida de todos os membros implicados da comunidade educativa. Levarase a cabo a través da observación.

-Avaliación continua o formativa: ao longo do desenvolvemento do propio plan, introducindo modificacións se é necesario. Levarase a cabo a través dun rexistro anecdótico.

-Avaliación final: onde analizarase se as actividades finalmente foron válidas e os obxectivos acadados.

Para esta avaliación final utilizaráanse os seguintes criterios de avaliación:

-Con respecto ao alumnado:

Detectar algún estereotipo habitual.

Mellorar o comportamento con respecto a igualdade de xénero.

Ser consciente da situación das mulleres noutras sociedades.

Levar a cabo algunha actitude para a prevención de violencia machista.

Expresar emocións.

Escoitar, comprender e empatizar con emocións alleas.

Coñecer algunha achega histórica ou científica feita por mulleres.

-Con respecto ao profesorado:

Implicar a, polo menos, o 80% do profesorado.

Utilizar unha linguaxe non sexista tanto a nivel oral como administrativo.

Decatarse dos propios estereotipos e intentar transformalos.

INDICADORES DE LOGRO	ESCALA DE VALORACIÓN		
	Non acadado	En proceso	Acadado
A igualdade está presente nas programacións.			
Faise alusión á igualdade de xénero no PAT.			
Existe algunha mención á igualdade no plan de convivencia.			



INDICADORES DE LOGRO	ESCALA DE VALORACIÓN		
	Non acadado	En proceso	Acadado
Dáse visibilidade a mulleres na historia.			
Os materiais que se utilizan son coeducativos.			
Visibilizouse o plan dentro da comunidade educativa.			
Conseguiuse sensibilizar á comunidade educativa neste eido.			
O profesorado está formado en materia de igualdade.			
O alumnado asume roles e actividades contrarias ás que socialmente se lles asigna en función do seu sexo.			
O alumnado é respectuoso coa diversidade afectivo-sexual e de xénero.			
Abordáronse de forma eficaz situacións de desigualdade.			
O profesorado revisa os materiais e actividades de cara a igualdade real e efectiva.			
Realízanse actividades relacionadas coa igualdade.			
Conmemoráronse as datas relacionadas coa igualdade.			



7. BIBLIOGRAFÍA.

- Cuadernos de pedagogía (1984). Por una escuela no sexista.
- Guerrero Serón (2002). Manual de sociología de la educación. Madrid. Síntesis.
- Subirats y Brullet (1988). La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Serie rosa y azul. Madrid. Ministerio de Cultura. Instituto de la Mujer.
- Scraton, S (1995). La Educación Física de las niñas. Un enfoque feminista. Madrid. Morata.